



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO (14/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, as doce horas e corenta e cinco minutos do día nove de abril de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 2 de abril de 2025
2. Aprobación da liquidación do obradoiro de emprego Ártabro III
3. Aprobación de certificacións de obras

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 2 DE ABRIL DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 2 de abril de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO ÁRTABROEMPRENDE III

O Sr. Secretario-interventor informa sobre este expediente e dá conta da liquidación enviada polo Concello de Miño para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de examinar a certificación da resolución da Alcaldía do Concello de Miño, recibida en data 11/10/2024, con Rexistro de Entrada neste Concello núm. 20249000000319, pola que se aproba a liquidación económica do financiamento do Obradoiro de Emprego “ARTABROEMPRENDE III”,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

realizado baixo a orde do 21/02/2022 pola que se establecen as bases reguladoras da axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 46, do 8 de marzo de 2022, no que participaron os Concellos de Miño, Pontedeume, Paderne, Monfero e Cabanas, co compromiso de todos eles de contribuír, nos gastos non subvencionados, na que consta a súa distribución entre os cinco concellos participantes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita liquidación dos gastos non subvencionados do Obradoiro de Emprego "ARTABROEMPRENDE III", no que participaron os Concellos de Miño, Pontedeume, Paderne, Monfero e Cabanas, e a achega do Concello de Monfero, por importe de 3.238,73€, con cargo á aplicación orzamentaria 2022.0.241.00.46200, e que se proceda a súa transferencia ao Concello de Miño.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

"Nº Expediente: 2024/C003/000001

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA

Obxecto: EXECUCIÓN OBRA "ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO NA ACEA MEDIANTE FORMACIÓN DE DIQUE, PARROQUIA DE SAN FIZ "

Logo de ver as certificacións presentadas polo contratista, Construcciones Ponciano Nieto, S.L., correspondente ao proxecto nomeado, Acondicionamento de camiño na Acea mediante formación de dique, parroquia de San Fiz, financiado polo Plan POS+Adicional 2b/2023, informe de fiscalización do gasto da Intervención e o resto da documentación do expediente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación primeira e única da obra contida no proxecto nomeado, ACONDICIONAMIENTO DE CAMIÑO NA ACEA MEDIANTE FORMACIÓN ESCOLLERA, PARROQUIA DE SAN FIZ, expedida por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, Director das Obras, e executada

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

polo contratista, Construcciones Ponciano Nieto, S.L, por importe total de 44.553,43€, e a súa documentación anexa (relación valorada, reportaxe fotográfica, declaración, factura e acta de recepción) .

2. Aprobar a certificación final da citada obra, expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 0.00€, e a acta de medición final.

3. Aboarlla ao contratista, Construcciones Ponciano Nieto, S.L., e remítalas á Deputación Provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e cincuenta e un minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario